

Un inverno frío

: 00000784
: Losada, X. Ricardo
: Un inverno frío
: Nume
: 978-84-128122-9-9
:
130x200mm.126 Páx.
:
14,00€



Don Faustino, un crego alternativo e humanista, morre en estrañas circunstancias na parroquia conservadora da Balvanera nun contexto de forte represión política nunha ditadura militar. A comunidade galega en Bos Aires, tanto a emigrante como a exiliada, queda conmocionada. Sobre todo cando, despois das primeiras dúbidas sobre se foi un accidente ou un suicidio, comeza a impoñerse a evidencia de que foi asasinado polas súas ideas políticas. Castela e Virxinia, que tiñan unha recente pero intensa relación con el, dubidando da versión oficial dun accidente, deciden investigar pola súa conta, con valentía pero coa prudencia que esixe o seu rol de exiliados aos que lles permitiron entrar no país a condición de que pasasen desapercibidos. Xóganse a súa expulsión do país ou, incluso, a súa propia vida.

Un inverno frío é o lugar onde viven todos aqueles que, contra o criterio maioritario, buscan con paixón e decencia a verdade. A verdade da ficción, por suposto, pero tamén a verdade do que realmente pasou, pois esta novela está baseada en feitos e en personaxes moi reais.

Nume:

Prosa e verso da literatura galega